

**IGADIPaper** é un medio de análise e información do IGADI que aspira a afondar de forma equilibrada e sintética nalgún conflito, acontecemento ou tendencia internacional de relevancia e actualidade".

## XXI CUMIO DA UNIÓN AFRICANA

Un balance tras 50 anos de integración

- a) **Introdución**
- b) **Un momento marcado polo optimismo**
- c) **“Panafricanismo” para a resolución de conflitos**
- d) **Brasil e África: unha relación estratéxica**

## a) *Introdución*

Baixo o lema “*Panafricanismo e Resistencia Africana*”, entre o 22 e 27 de maio celebrouse o XXI Cumio Ordinario da Unión Africana (UA) en Adís Abeba (Etiopía), coincidindo co 50º aniversario da creación da súa predecesora, a Organización da Unión Africana (OUA). Co énfase na concreción dun Plan Estratéxico 2014-2017, os xefes de Estado e de Goberno dos 54 países pertencentes á UA debateron a necesidade de primar o desenvolvemento económico e a solución de controversias como factores motrices da cohesión.

O “panafricanismo”, soño de unidade continental impulsado medio século atrás por líderes independentistas como **Kwane Nkrumah**, **Julius Nyerere**, **Patrio Lumumba** e **Jomo Kenyatta**, afronta na actualidade un panorama que inclúe diversos retos e desafíos, contextualizados por notables avances políticos e económicos así como a consolidación da UA como foro de diálogo e solución de controversias. Entre as decisións máis relevantes deste XXI Cumio da UA destaca a histórica creación dunha Forza Africana de Reserva (FAR) orientada á resolución inmediata das crises e conflitos rexionais.

A pesar da persistencia de problemas crónicos como

## b) *Un momento marcado polo optimismo*

Unha sensación de moderado optimismo imperou nos encontros e debates realizados durante o XXI Cumio da Unión Africana (UA), celebrado na súa sede central na capital etíope Adís Abeba entre o 22 e 27 de maio, coincidindo co 50º aniversario da integración e unidade africana establecida trala creación da Organización da Unión Africana (OUA), predecesora da actual UA. Paralelamente, durante este cumio celebrouse o Día de África, o pasado 25 de maio.

Este cumio foi o primeiro organizado polo novo presidente da UA, o anfitrión e primeiro ministro etíope **Hailemariam Desalegn**, quen substituíu en xaneiro pasado á outrora presidenta, a ex ministra surafricana de Exteriores **Nkosazana Dlamini-Zuma**, elixida en 2012 como a primeira muller en ocupar este cargo. A presidencia da UA acorda unha elección anual rotativa entre as cinco rexións que dividen o continente africa-

a pobreza, conflitos secesionistas e guerras de carácter sectario e tribal (República Democrática do Congo, Sudán do Sur, Nixeria), rebelións, golpes militares e intervencións exteriores (Libia, Malí), crises humanitarias (Sudán), dependencia da axuda económica exterior e do efecto socioeconómico de diversas pandemias (VIH), África avanza na concreción de modelos de desenvolvemento cada vez máis autóctonos, na consolidación de sistemas democráticos e de notables avances da sociedade civil, observando de cerca a dinámica rexional de rebelións e cambios políticos inesperados, como a *Primavera árabe* no Magreb.

Ao mesmo tempo, o fomento dunha nova concepción Sur-Sur permite desprazar a tradicional percepción “eurocentrista” de considerar a África como “actor periférico” do sistema mundial, para observar a súa evolución como un continente en ascenso e con mediana incidencia no panorama internacional. Esta realidadeponse de manifesto na presenza africana en foros globais como os BRICS, IBSA e ASA, así como na cada vez maior implicación en África de actores externos como China, Brasil, India, Rusia, Xapón e Turquía, entre outros.

no: Norte de África (Magreb), África Occidental, África Central, África Oriental e África do Sur.

A razón deste moderado optimismo estriba principalmente no notable desempeño económico africano. Segundo o Fondo Monetario Internacional (FMI), actualmente un total de 11 das 20 economías con máis rápido crecemento a nivel mundial están localizadas en África, destacando entre elas África do Sur, Angola (produtor petroleiro), Níxer e Serra Leoa (minería), Gana, Nixeria, Quenia e Etiopía.

Nas súas previsións económicas para 2013 e 2014, o FMI sinala que África pode constituírse como a próxima “locomotora” do crecemento económico mundial, destacando o seu dinamismo por riba incluso de Asia, con índices de crecemento estimados en 5,6% para 2013 e 6,1% para o próximo ano<sup>(1)</sup>, destacando o des-

1 HELBLING, Thomas, “Perspectivas de la Economía Mundial.

empeño da economía surafricana con índices de crecemento estimados en 2,8% (2013) e 3,3% (2014).

Este *boom* do crecemento económico africano débese principalmente ao aumento sostido dos prezos das materias primas, que permitiron igualmente un incremen-

Gracias a las políticas adoptadas, mejorarán las perspectivas de la Economía Mundial”, *Fondo Monetario Internacional*, Boletín del FMI, 16 de abril de 2013. Ver en: <http://www.imf.org/external/Spanish/pubs/ft/survey/so/2013/RES041613AS.htm>

### c) “Panafrikanismo” para a resolución de conflitos

Creada en 2002, a UA consolídase non só como a sucesora da extinta OUA senón como o principal foro de diálogo e de solución de controversias actualmente existente nun continente tradicionalmente estigmatizado por guerras de carácter étnico e tribal, pola explotación indiscriminada dos seus recursos por parte de intereses foráneos, polas secuelas da pobreza, das desigualdades e de pandemias sanitarias (en especial a expansión do VIH), así como de constantes crises e inestabilidade política e social, expresada en golpes militares e rupturas de incipientes procesos democráticos.

Neste sentido, o Cumio de Adís Abeba implicou unha reflexión sobre a vixencia do “panafricanismo” propio do proceso de descolonización das décadas de 1950 y 1960, impulsado entón por líderes independentistas como Nkrumah, Nyerere, Lumumba, Kenyatta, Ben Bella e Gamel Abdel Nasser. Esta renovación do “panafricanismo” ven agora contextualizado polos consecuentes avances políticos, económicos e sociais que


to dos investimentos exteriores no continente. Xunto á sensación de optimismo polos resultados económicos, a necesidade de afianzar os mecanismos autóctonos de integración imprimiu o seu selo neste cumio. Segundo expresou días antes da xuntanza a presidenta saínte da UA, Dlamini-Zuma, o continente debe transitar por camiños propios de integración en materia económica e de seguridade, superando así a tradicional dependencia da axuda exterior.

ven presentando África nos últimos anos, que igualmente determinan a súa inserción nun sistema internacional cambiante, virado para a concreción dun mundo multipolar e de mecanismos de integración Sur-Sur.

O peso cada vez maior da UA como foro de integración e de resolución de conflitos concrétese igualmente en razón dunha ampla variedade de iniciativas impulsadas nesta a súa primeira década de existencia como sucesora da OUA. Estas iniciativas de recente creación e outras en proceso de desenvolvemento céntranse en mecanismos autóctonos de integración e na adopción de estratexias transversais, tales como a Convención Africana para a Conservación dos Recursos Naturais e a Política da Terra en África e a Corte Africana de Dereitos Humanos e das Persoas, entre outras.

Así e todo, a axenda do XXI Cumio da UA incluíu a discusión de temas moitos mais polémicos e controvertidos como son os conflitos acaecidos en Malí trala intervención militar francesa en febreiro pasado, a guerra civil na República Democrática do Congo (con cinco millóns de mortos desde 1998), a violencia intrarrelixiosa en Nixeria, os conflitos secesionistas entre Sudán e Sudán do Sur (independente desde 2011), os problemas de disolución estatal, da piratería e do integrismo yihadista en Somalia e noutras partes do Sahel e do Corno de África, a crise política en Madagascar; e outros aspectos relativos á situación da muller e temáticas de xénero.

Neste sentido, a decisión estratéxica mais importante adoptada neste XXI Cumio da UA é o anuncio da creación dunha Forza Africana de Reserva (FAR), inicialmente concibida pola UA en 2002 pero que nes-



Principais focos conflictivos en África (2013)  
 Fonte: <http://www.ikimap.com/ikimap/conflictos-en-africa-2013>

te cumio de Adís Abeba, recibiu o impulso para facela operativa a partir de 2015.

Esta FAR estaría eventualmente conformada por 32.000 efectivos militares ou civís, e alcanzaría a súa operatividade a través das achegas e financiamento ofertadas por países como África do Sur, Etiopía e Uganda, en especial en réxime de voluntariado<sup>(2)</sup>. Por tanto, a potenciación da FAR implica basicamente un reto estratéxico para a UA, tendo en conta a forte dependencia exterior como se evidenciou na recente intervención francesa na crise de Malí, entre xaneiro e febreiro pasado. No contexto desta crise, a UA ensaiou igualmente unha operación de intervención rápida a través do despregue dun milleiro de efectivos.

O Cumio de Adís Abeba emitiu igualmente unha

2 “L’Union Africaine annonce la création d’un force d’intervention rapide », *Jeune Afrique*, 27 de maio de 2013. Ver en : <http://www.jeuneafrique.com/Article/ARTJAWEB20130527191757/union-africaine-ramtane-lamamra-faa-sommet-de-l-ual-union-africaine-annonce-la-creation-d-une-force-d-intervention-rapide.html>

#### d) Brasil e África: unha relación estratéxica

Mentres o Cumio de Adís Abeba concluía cunha histórica declaración de reafirmación do “panafricanismo”, a través a construción dunha “África máis unida integrada e pacífica”<sup>(5)</sup>, outro aspecto de notorio interese foi a presenza de líderes e convidados provenientes de países en desenvolvemento con históricas e cada vez maiores relacións co continente africano, con especial incidencia no caso de Brasil.

Neste sentido, e como exemplo de potenciación das relacións Sur-Sur e da activa diplomacia africana levada a cabo por Brasilia na última década, a presidenta Dilma Rousseff anunciou no evento a condonación e reestruturación da débeda externa por parte de doce países africanos, valorada en US\$ 840 millóns. Desde 2003, Brasil abriu un total de 19 embaixadas en África, aumentando a 37 as súas representacións diplomáticas neste continente<sup>(6)</sup>, ademais de fortalecer a súa dinámi-

5 “Cumbre de la UA concluye en Etiopía con declaración sobre siglo africano”, *Radio Internacional de China e Asencia Xinhua* (China), 28 de maio de 2013. Ver en: <http://espanol.cri.cn/741/2013/05/28/1s279925.htm>

6 “Rousseff viaja a Etiopía para el cincuentenario de la Unión Africana”, *lainformación.com* (España), 24 de maio de 2013. Ver en: [http://noticias.lainformación.com/politica/cumbre/rousseff-viaja-hacia-etiopia-para-el-cincuentenario-de-la-union-africana\\_Ic5SewcEt7R-q2sABHTL662/](http://noticias.lainformación.com/politica/cumbre/rousseff-viaja-hacia-etiopia-para-el-cincuentenario-de-la-union-africana_Ic5SewcEt7R-q2sABHTL662/)

dura crítica da UA á Corte Penal Internacional (CPI), realizada da man do anfitrión e presidente rotativo Desalegn. Este acusou ao CPI dunha presunta “caza racial” ao declarar que “o 99% dos casos da CPI son contra africanos”<sup>(3)</sup>, aspecto que afasta a estes procesos xudiciais do seu obxectivo principal, relativo a “evitar a impunidad”. Estas declaracións realizáronse trala aprobación por parte da UA dunha resolución no sentido de que a CPI transferira á xustiza de Quenia o caso do presidente dese país, **Uhur Kenyatta** e do seu vicepresidente **William Ruto**, imputados por crimes de lesa humanidade por presuntamente instigar á violencia postelectoral en Quenia entre 2007 e 2008, nuns sucesos que causaron 1.300 mortos e centos de miles de desprazados<sup>(4)</sup>.

3 “La Unión Africana acusa a La Haya de una ‘caza racial’”, *El Comercio* (España), 27 de maio de 2013. Ver en: <http://www.elcomercio.es/rc/20130527/mas-actualidad/internacional/union-africana-acusa-haya-201305272147.html>

4 Ibid.

ca presenza a través dos foros BRICS, IBSA e América do Sur-África (ASA).

A consolidación desta relación afro-brasileira consolídase tendo en conta que, en 2012, os fluxos de intercambio comercial entre Brasil e África ascenderon aos US\$ 26.500 millóns. Igualmente, desde 2011 funciona na localidade brasileira de Fortaleza a Universidade Federal da Integración Afro-Luso-Brasileira (UNILAB), financiada polo goberno brasileiro e que alberga a máis de 200 estudantes africanos<sup>(7)</sup>.

Paralelamente, a presenza en Adís Abeba do viceprimeiro ministro chinés, **Wang Yang**, confirma o papel preponderante e estratéxico por parte de China no continente africano. Precisamente, a nova sede da UA na capital etíope, inaugurada en xaneiro de 2012, foi totalmente financiada por China, valorada en US\$ 200 millóns. Cómpre igualmente destacar a asistencia a este cumio doutros convidados internacionais como o secretario xeral da ONU, **Ban Ki-Moon**, o presidente da Comisión Europea, **José Manuel Durão**

etiopia-para-el-cincuentenario-de-la-union-africana\_Ic5SewcEt7R-q2sABHTL662/

7 Ibid.

**Barroso**, o presidente da Asemblea Nacional do Poder Popular de Cuba, **Esteban Lazo Hernández**, o presidente francés **François Hollande**, o secretario de Estado estadounidense, **John Kerry**, e o ministro

arxentino de Exteriores, **Héctor Timerman**, os cales reflectiron coa súa presenza a importancia cada vez maior de África nos seus respectivos contextos diplomáticos e comerciais.

IGADI. 28 de maio de 2013.